

CRÓNICA DO XII CERTAME INTERNACIONAL DE IMPROVISACIÓN EN VERSO



Presentación do certame

compañeiros compañeiras
gracias por vir boa tarde
boa tarde da palabra
musica e comunidade

as palabras e o camiño
as persoas que fan grupo
comunidades e tribos
cada aldea será un mundo

vanse definindo as formas
naqueles primeiros tempos
pinturas e petroglifos
seguiran cos seus misterios

nacen versos e poemas
van as cantigas e os contos
títeres e teatriños
toda a memoria do pobo

a percusión e a danza
o ritmo e o pensamento
entre notas e palabras
verso e musica naceron

as formas que se definen
os ritmos que se separan
o longo de cada verso
os acentos das palabras

e hai cantos que perduran
que co tempo cambiarán
outras voces que improvisan
trobas que se perderán

entre o drama e a comedia
xorden formas e adornos
e a retransca faise sitio

coa palabra ou codo a codo
payadores repentistas
troveros e regueifeiros
cantores ao desafío
o desafío dos versos

o tanxido dunhas cordas
o pelexo que golpean
improvisa unha voz soa
ou son dous que se contestan

son seis cordas a guitarra
concertina cantas teclas
nove ou once seica ten
ferriñas a pandeireta

cantas coplas botarán
os amigos das rimadas
cantas horas e historias
cortaranlles a mexada

un certame de regueifas
festival de desgarradas
con cuartetos e quintillas
decimas e mais trobadas

internacional certame
de improvisación oral
se ti non cantas moi ben
non patines no rimar...

a copla ou cuarteta

catro versos ten a copla
oitosilabas por verso
rima segundo con cuarto
libres primeiro terceiro

vai con asonantes rimas
ou con rimas asonantes

desta estrofa pequeniña
temos as súas variantes
rima primeiro e terceiro
rima segundo con cuarto
ou vai primeiro con cuarto
e segundo con terceiro

na copla ou na cuarteta
na rima cambia a palabra
nesta estrofa ben se labra
como labrego e poeta

na decima e mais na copla
na improvisación oral
tes que deixar moita forza
pro teu verso do final

antes da liña segunda
ti xa debes ter moi claro
a palabra mais rotunda
pro final do verso cuarto

a décima

a décima ou espinela
unha estrofa popular
de dez versos pra rimar
consoantes que ten tela

que se cantan con vihuela
oito sílabas renglón
e as rimas desta canción
a b b a a quintilla
c c d d c outra filla
se vai ben a inspiración

a quintilla

a quintilla compañeiro
é outra irmán da copla

cinco versos ten a troba
oito sílabas por verso
e vai ter que rimar toda
o cronista e as regueifas

pediume a organización
que vos faga de cronista
eu non son repentista
so no papel trobador

trobarei o festival
o que pasa nos estrados
e tamén algún ensaio
e secuencias do xantar

estas coplas que vos fago
sentido non teñen moito
se non se ilustra o conto
coas estrofas dos seus cantos

a lingua das miñas quadras
entre popular e culta
entre culta e popular
non me poñan unha multa

os trobeiros o papel
pois xogamos con ventaxa
temos o tempo do bando
pra facer as nosas quadras

e hai ben rápidos letristas
tras da cortina no palco
que lles pasan os seus versos
aos que diante van cantando

presentación de literatos e músicos

invitamos a palestra
nesta primeira xornada
a outros compas da palabra
outras formas da retranca

poetas e guionistas
mestres con ou sen atril
rapsodas e periodistas
e outros por definir

moi boa pinta ten o grupo
avispados estes mozos
pero botamos de menos
as rapazas neste conto

soltará a súa retranca
musical e literaria
e xa lle paso ao primeiro
esta tranca imaxinaria

presentación dos participantes

de Matamá ven o leo
que é da familia dos fonas
boa raíz ten este artista
da ghitarra e mais das coplas

intervención do matamanico

graciñas leo
pola guitarra e polo verso
pola vida e a poesía

o samuel solleiro gusta
de escribir nas súas viaxes
pero na terriña a chuvía

e o seu grupo ata que espante

intervención do narrador

graciñas samuel pola palabra
pola finísima finísima
retranca

este home do chapeo
o emilio narrador
con fondas raíces creadoras
el gusta da astronomía
de mercurio e mais da aurora

vai o compañeiro

parabéns emilio polo teu humor
pola túa historia pola túa película
polo teu culebrón

agora non sei moi ben
a que vou presentar
arre mecaghoná
o berro de guerra e paz
a canción e teatro
o enriquito o leo ... de matamá

vai o ghitarista pues

parabéns leo polo teu aire fresco
polas túas bravas ondas

xa foi o primeiro grupo
tres ou catro xa non sei
e agora na palestra
catro ou cinco imos ver

o manuel é licenciado
e prolífico escritor
o compañeiro de Lugo

da retranca defensor

vai o mestre

parabéns manuel
pola túa clase informal
polo teu verbo insubmiso
unha plática máis natural

o teu turno samuel lema
afina ben as palabras
entre o castromil e o rock
que camiñe a túa retranca

intervén o compañeiro

o samuel como poeta do maldito
rock
entre unha vila e outra facéndose
creador

carlos corredor de fondo
da palabra son e imaxe
outro pouco de retranca
outra pequena ou grande viaxe

intervén o barbas

carlos indómito carlos
carlos carliños
de pequeno ceais carlitos
carliños carlos

e remata esta retranca
literaria e musical
con estes temas salgados
dos da ría e mais do mar

despedida da retranca musical e literaria

e dixeron os da ría
as palabras son importantes
e seica non son brillantes
o voso verbo é de xigantes
ficamos mellor que antes
so nos faltou o barrantes
cecais poñer uns tirantes
a chistera ou o turbante
parabéns a todas e todos
por este tempo tan tolo
pola palabra e o cante

gracias compas da palabra
graciñas meus retranqueiros
ben postas as vosas trancas
xa non fuxirá o inxenio

gracias verbum polo espacio
grasias organisasion
cultural de valadares
carlos e o seu equipón

mañá segue un obradoiro
pra futuros regueifeiros
no pedregal pola noite
payadores e trobeiros

Os obradoiros

os obradoiros de improvisación

oito sílabas por verso
catro verso ten a copla
un versíño so me falta
unha pequeniña historia

en samil nunha casona
que lle chaman das palabras
fixemos uns obradoiros
para nos compoñer trobadas

o museo das palabras
é chamada esta casona
hai que brincadeira esta
pouco serias van as coplas

tivemos mestre argentino
e outro mestre cubano
e dous profes do país
da regueifa e do teatro

hai que raro mes de outubro
pasamos moita calor
mellores versos sairían
entre a area e un chapuzón

nas idades e orixes
é moi plural o alumnado
algún dálle un pouco ao verso
outras sairán cantando

tres decimas escritas e recitadas no obradoiro

décima en cubano para un repentista

este Raúl repentista
da un taller moi apropiado
de versos improvisados
esta fiesta ya está lista
falta el músico en la pista
pero el Raúl es moi fino
aki cerca de los pinos
sale decima i cuarteta
i también coge rabieta
si este verso está mal medido

decima da improvisación

vamos coa improvisación
de decimas e cuartetas
a reír pues marionetas
cando hai inspiración
que che sae do corazón
e tamén da túa barriga
e se comeche boa miga
ben molada no teu vío
e xa saen mais versíños
me amigo miña amiga

o Raúl e o Benito

un taller de versos pues
co Raúl e co Benito
versos crudos versos fritos
do dereito e do revés
eu sempre agardo este mes
par que cheguen os trobeiros
e tamén temos gaiteiros

pero os mestres enredados
entre discos e tablados
que sigan pus cos seus versos

o Benito e o Raúl

consoantes e asonantes
decimas e mais cuartetas
hai que voces mais inquietas
que palabras mais brillantes
hai que homes mais galantes
o Benito e o Raúl
troban entre norte e sul
entre galego e cubano
este irman i este hermano
sacan versos do baúl

decima dada volta

sacan versos do baúl
este irman i este hermano
estre galego e cubano
troban entre norte e sul
hai que homes tan galantes
que palabras mais brillantes
hai que voces mais inquietas
decimas e mais cuartetas
consoantes e asonantes

a copla e a cuarteta

catro versos ten a copla
oito sílabas por verso
rima segundo con cuarto
libres primeiro e terceiro

vai con asonantes rimas
ou con rimas consoantes
desta estrofa pequeniña
temos as súas variantes

na cultura popular
copla ou quadra é chamada
e cuarteta para os cultos
e outras linguas maltratadas

a cuarteta e a copla

rima primeiro e terceiro
rima segundo con cuarto
ou vai primeiro con cuarto
e segundo con terceiro

na copla ou na cuarteta
na rima cambia a palabra
nesta estrofa ben se labra
como labrego e poeta

na decima e máis na copla
na improvisación oral
tés que deixar moita forza
pro teu verso do final

antes da liña segunda
ti xa debes ter moi claro
a palabra mais rotunda
pro final do verso cuarto

Décima do cuarteto e a décima

o terceto e o cuarteto
a quintilla e a espinela
décima tamén é ela
versos dos analfabetos
e de escritores inquietos
oito sílabas por liña
pra trobar e facer riña
entre dous improvisando
co inxenio camiñando
o desafío fai piña

o cronista e as regueifas

cuartetos

pediume a organización
que vos faga de cronista
eu non son repentista
so no papel trobador

trobarei o festival
o que pasa nos estrados
e tamén algún ensaio
e secuencias do xantar

estas quadras que vos fago
sentido non teñen moito
se non se ilustra o conto
coas estrofas dos seus cantos

coplas

a lingua das minas coplas
entre popular e culta
entre culta e popular
non me poñan unha multa

moitos cantos desta historia
deixeiños como naceron
outros foron traballados
pero con pouquiño tempo

os trobeiros o papel
pois xogamos con ventaxa
temos o tempo do bando
pra facer as nosas quadras

e hai ben rápidos letristas
tras da cortina no palco
que lles pasan os seus versos

aos que diante van cantando

i eu cando estou cos cantores
entre gaitas i empanadas
na mesa escribo uns romances
que as veces algún xa canta

o romance do certame

se coa forma do romance
ti ben queres regueifar
mantén sempre a mesma rima
en toda sílaba par
oitosilabos os versos
o metro mais natural
romance vello que din
asonante o seu rimar
e que máis podó dicir
deste tolo festival
graciñas pois valadares
teleclú do pedregal
doce anos camiñando
coa improvisación oral
o certame de regueifas
certamente é un rapaz
e se os anos foron moitos
moito hai que camiñar

3 decimas sobre a decima

a decima

a decima ou espinela
unha estrofa popular
de dez versos pra rimar
consoantes que ten tela
que se cantan con vihuela
oito sílabas renglón
e as rimas desta canción
a b b a a quintilla

c c d d c outra filla
se vai ben a inspiración

as cuartetos e a ponte

o das quintillas colega
foi una chica licencia
o mestre coa usa ciencia
agora fai outra entrega
este verso que ben pega
con este ponte é chamado
quinto e sexto deste lado
unirá as dúas cuartetos
esta decima xa aperta
eu xa ando mareado

decima cun pe forzado

o inxenio xa se proba
co publico xogos fan
nu verso eles pedirán
pra rematar unha trova
no cantar eles dan coba
a quen lles pasou a rima
fan xestos e pantomima
e dous versos so me faltan
a cabeza vai moi alta
outra estrofa miña prima

o mestre payador

o wilson é payador
loiro pibe che arxentino
tes un verso e canto finos
das palabras labrador
as túas rimas botan flor
da man da túa guitarra
boa cepa mellor parra
grandes uvas e bo viño
payador polo camiño

as palabras ben amarra

o wilson pibe juglar
que ten raíces polacas
trae guitarra e non maracas
para no taller trobar
dí que gusta viaxar
polos llanos polas cimas
co seu mate de ervas finas
nunca cala fala ou canta
aso fantasmas espanta
bo sicólogo das rimas

un certame de trobeiros
de samil a valadares
entre este i outros mares
entre pampas e outeiros
verso gauchos e mareiros
gracias por vir trobador
guitarreiro con sabor
as decimas e as cuartetos
enchen palcos e libretas
as historias pos cor

décima da cultural

ai no centro cultural
pedregal de valadares
a cultura medra a mares
ai como algo natural
e a improvisación oral
de poemas e cancións
énchenos de emocións
entre o mar e as montañas
estes versos das entrañas
das tripas e os corazóns

obradoiro co peleteiro

e chegou o peleteiro
tercer día de obradoiro
perto dos ancoradoiros
este mestre teatreiro
pon en círculos aos trobeiros
pide un trío pra palestra
e xa empeza esta festa
van contando unha historia
con verso libre e con coplas
farra e sexo que a pon tesa

e propón o peleteiro
xogos de rol compañeiros
e sobe mais a emoción
neste trío de trobeiros
que xa corta o vacilon

abre a festa para todos
troban moito ou pouquiño
nacen coplas nacen contos
pola calor mais sen viño
cambian as mentes e os corpos

outro xogo outra leira
ben propón fran peleteiro
e xa vai seguir coa festa
mándame a min para palestra
nun quinteto de trobeiros

pro mestre é moi importante
a nosa posta en escena
bótate ben para adiante
move o corpo e non deas pena
saca o verso mais brillante

A mostra internacional

o presentador

o certame de regueifas
presentouno o de herbón
e fíxoo en verso libre
pero coa mesma emoción

salta e brinca este rapaz
que ten no cu un foguete
e na regueira primeira
el no medio xa se mete

este pinto chegou tarde
que andaba cos seus pementos
mais esqueceu de traer
a proba pros compañeiros

dos políticos el dixo
que nos deron subencions
eses porcicos so nos dan
os cartos que pomos non

O Luís e o benito

Os regueifeiros de vigo
Botaron as súas cuartetetas
Baixando polo pasillo
Fan teatro as marionetas

Do luís e do benito

Que vos podo eu contar
Sabedes do seu inxenio
Rápidos no seu trobar
presentáronse
os rapaces
cos seus sombreiros labregos

e botaron boas rimas
na defensa do galego

defenden o mar e o campo
os queridos regueifeiros
gustan do polvo e asados
da lamprea e máis os grelos

lobariñas e o caruncho
o mestre e o folclorista
son bos froitos do país
son dous bandullos de artistas

danzante e sindicalista
beben viño coma non
e non le botan jasiosa
nin casera nin feijó

afinas ben as gorxas
que nos deron bos momentos
agora afinan os dous
os seus outros instrumentos

e dan paso a outro dúo
coa gaita e co tambor
o luís e o benito
un valor e outro valor

Os novos regueifeiros

Un cantor bota unha copla
Outro rápido contesta
Dos saúdos van pasar
A unha boa controversia

Estes novos regueifeiros
Xa teñen formas variadas
Improvisan a capela
Con pandeireta e zanfona

e os eu verso eles estiran
cando van moi apurados
nove ou dez sílabas ten
as veces o verso cuarto

e regueifan recitando
co que chaman a rezada
un falado algo solemne
como algunhas das retrancas

entre o ulla e o lagares
xurdiron estes fistores
os mestres de bergantiños
contentos con estas flores

o peret e o barranquito

chegaron das alpujarras
o peret e o barranquito
i en quintillas a palabras
do seu fandango morisco
máis con guitarra prestada

eles veñen de almería
chegan da alpujarra baixa
afinan a puntería
e non están de rebaixa
que fan boa poesía

hai bo lume de boa leña
apuntada a súa retranca
a quintilla alpujarreña
co argentino na guitarra
faise trío esta parella

a parella canta raro
alguén dixo nas bancadas
i enredados nas retrancas
emocionados cantando

comeron dúas palabras
barranquito ven trobando
ven versando desde neno
e peret o veterano
trobou con barranco vello
que gusta do recitado

a quintilla

a quintilla compañeiro
é outra irman da copla
cinco versos ten a troba
oito sílabas por verso
e vai ter que rimar toda

rima primeiro e terceiro
e co quinto en consoante
segundo con cuarto verso
ten outra rima galante
mais teño un pequeno erro

nestes tres impares versos
eu fixen rima asonante
e neste cruce hai variante
pero non son un perverso
que hai que practicar bastante

a payada argentina e o punto cubano

wilson e raúl herrera
payador e repentista
botan decimas artistas
nesta fermosa palestra
a guitarra trae pra festa
o da payada argentina
e o punto cubano ensina
o guajiro do sombreiro
son tremendos os trobeiros
de verso e rima moi fina

o cubano marca o punto
o argentino unha payada
vai moi ben esta xogada
pero agora eu me pregunto
onde entra o contrapunto
como segue este partido
esta bola vai con tino
deste campo ó outro campo
pasan do béisbol cubano
ó fútbol pibe argentino

o raúl trae sombreiro
e wilson a súa guitarra
e cantan como a cigarra
que sona por ese outeiro
e xa van os dous trobeiros
sen ningunha rima mala
un con pico outro con pala
ese inxenio con sosego
na defensa do galego
co cariño a nosa fala

este meu cubano herrera
i este wilson argentino
defenden ben co seu trino
unha terra e outra terra
a illa e as pampas berran
por un mundo diferente
ai camiña tanta xente
día e noite noite e día
ai que longa travesía
buscando o seu continente

regueifa colectiva

a internacional regueifa
xunta a todos neste palco
e xa todos van cantando

coa métrica galega
uns pequenos outros altos
un colle a outro no colo
e xa chega co seu trobo
ao micrófono elevado

buenos aires está en cuba
nas alpujarras cae vigo
ai que circulo de amigos
este trobo colle altura

as regueifas rematadas
para o grupo van uns pinchos
uns con auga outros con viño
viva o verso e a retranca

pero dura pouco a farra
uns regresan para almería
e pra lugo outra pandilla
ai mañá segue o programa

O xantar os novos regueifeiros e os rapeiros

o xantar e o coordinador

outro xantar colectivo
nun mesón de valadares
novos froitos destes lares
das hortas e dos campiños

debaixo da cultural
que aki chaman teleclú
sen luis benito e raúl
que andan por s froilán

pero temos bocas novas
para xantar e pre regueifa
con likor café ou ervas

ben afinadas as gorxas
como sempre aki xa temos
a carlos como anfitrión
pouco de improvisación
por eso non é trobeiro

carlos o coordinador

coma min fica na sombra
o teu curre ben asombra
amigo conversador

e xa di o compañeiro
de subir ao pedregal
seica teñen que ensaiar
no novo grupo trobeiro

Novas trobeiras e regueifeiros

O obradoiro de regueifas
De teatro e outras cousas
Resultou con esta mostra
Que tivemos na palestra

Presentou o peleteiro
Estas poucas voces novas
Que palestra mais grandota
Din trobeiras e trobeiros

Improvisan os seus versos
Fan teatro e algún xogo
E camiñan codo a codo
or este novo universo

Foi un grupo moi plural
e cabezas moi diversas
Bocas as veces perversas
improvisación oral...

Os rapeiros

Un certame de trobeiros
festival de desgarradas
e seguimos coa retranca
cos rapaces jipjoeiros

o dillei trae tocadiscos
que fermosos aparatos
tres rapeiros van no palco
ai pasándose o seu micro

foi unha chuvia de rimas
ben urbana do rural
danlle ben a improvisar
coas súas maquinitas

estes rapaces rapeiros
son bos fillos da diglosia
o galego é outra cousa
fáltalles para ser trobeiros

o mon chega de moscoso
dida e kotto de santiago
e badly ven de cambados
un cuarteto cos seus trobos

e brinca esta rapazada
e tamén brincan os verso
rápido o seu pensamento
entrelazando palabras

despedida do certame

e remata este certame
vai o peche e despedida
unha festa colectiva
todos versan e mais danzan

gracias compas da palabra
graciñas meus retranqueiros
ben postas as vosas trancas
xa non fuxirá o inxenio

repentistas payadores
troveros e regueifeiros
rapeiros e desafíos
o desafío dos versos

gracias organización
teleclú de valadares
que o publico se calme
voltaremos como non

internacional certame
de improvisación oral
se ti non cantas moi ben
non patines no rimar

outras cantigas sobre a regueifa e sobre temas versados no certame

decimas do xantar do cepudo

o encontro de trobeiros
primeiro foi nun xantar
unha mesa ollando ao mar
nun jarito nun outeiro
chegaron os regueifeiros
un payador con guitarra
o dúo das alpujarras
e o repentista cubano
e tamén uns convidados
para xantar e facer farra

a comida estivo ben
e os foráneos ben gustaron

dos froitos do mar salgado
do mención para beber
e da filloas con mel
e versos tamén fixeron
cos likores os trobeiros
e baixamos do cepudo
ían cheos os bandullos
afinando ía o gaiteiro

subimos ao monte alva
entre carballos e pinos
con cholas e con balbino
xuventude acumulada
botando unhas parrafadas
e no mirador da ría
balbino unha poesía
recita como un rapsoda
e os trobeiros botan coplas
con inxenio e fantasía

dialogo polo móbil entre cronista e trovero

o peret e o barranquito
pola noite se marcharon
e para compartir os cantos
xa lles mandei un escrito
neste moderno cacharro

barranquito ven trobando
ven versando desde neno
e peret o veterano
trobou con barranco vello
que gusta do recitado

pienso volver otro día
hasta la tierra de vigo
y si no querido amigo
vienes tu por almería

gracias flaco compañero
por aki sigo trobando
i te pido dispensando
ai por favor tu correo
que este movil va moi caro

no resulta muy barata
la mensajería k veo
con el móvil vaya lata
aki te pongo el correo
debajo de la posdata

barranquito.trovero...

vellos regueifeiros

a regueifa floreceu
no pasado compañeiros
e hai poucos anos estaba
ai a pobre esmorecendo

na terra de bergantiños
uns poucos vellos ficaban
polas pequenas aldeas
co seu ritmo e as súas quadras

estes vellos regueifeiros
cantaban a súa tonada
ai sen ningún instrumento
sen a voz acompañada

eles terán deste xeito
livres o corpo e as mans
móvense e xesticulan
que tamén axudará

coñecín e disfrutei
destes vellos cantadores
nestes certames primeiros
miñas donas meus señores

estas voces da tonada
que tiñan pouco relevo
sen querer foron os mestres
dos nosos novos trobeiros

os brindeiros

na improvisación oral
tamén temos aos brindeiros
son solistas no trobar
cantan solos no torreiro

ven o nome de brindeiros
dunha orixe singular
son chamados a unha voda
pra todas deben brindar

cada un dos convidados
unha copla vai comer
agarimosos os versos
polas terras do courel

os cantores ausentes

no certame de regueifas
neste novo festival
nos botamos ben de menos
algúns dos nosos irmáns

os amigos versolaris
coas súas trikitixas
e a minhota desgarrada
coa súa concertina

faltou bernardo zizi
de córcega bo cantor
por problemas de saúde
as regueifas non chegou

outra emotiva lembranza
ao murciano patifeiro
bo cantor noutro certame
bo amigo este trovero

a súa sureña voz
que deixou xa de trobar
a memoria deste compa
ben nos acompañará

outras coplas

e temos mais formas
para regueifar
os versos máis curtos
con igual rimar

seis sílabas verso
reduce o contido
pequenas historias
sintetiza amigo

este festival
rematou amiga
e segue a versar
o noso cronista

outra quadra fago
e toda rimada
e bótolle un trago
remata a trobada

as triadas ou tercetas

outra forma ben galega
na cultura popular
é a triada ou terceta

a triada meus amigos
ven de tempo inmemorial

paseniño o seu camiño

xa nas cantigas de amigo
a triada era unha forma
dos cantares mais sentidos

rosalía sen sabelo
ela moitos cantos fixo
con este trobo pequeno

case todas as cantigas
neste tempo se perderan
agás algunhas pouquiñas

canta rica tradición
secuestrada nuns museos
que despois se liverou

e cen anos xa pasaron
i en museos e prisións
outros queren sepultarnos

i este domingo teremos
unha marcha en compostela
na defensa do galego

na defensa dunha mae
porque temos unha guerra
pois de baixa intensidade

a lingua filla da terra
a fala filla do mar
todas para compostela

tres poemas para o verbum

decima da erva do verbum

rematadas as retranscas

xa deixabamos samil
varios trastos e un atril
e as risas afinadas
pero o verbum das palabras
xa nos chama a atención
con tanta improvisación
a erva pisou un carro
cando cargaban máis trastos
marchando da actuación
o verbum o mar a néboa e a retransca

saúdos casona do verbum
esta latina palabra
saúdos ría e bravo mar
o mar tamén ten retransca

tamén ten retransca a néboa
que xa nos roubou toralla
pero o monstro voltará
insultante a súa cara

decima da memoria do verbum

este verbum da palabra
tamén ten a súa historia
si este fixera memoria
con versos e con retransca
unha casa proxectada
por quen a gloria buscou
e a palabra aki murchou
presa e soa tanto tempo
mais chegou un novo vento
que a palabra liverou

decimas para un continente

este meu cubano herrera
i este wilson argentino

defenden ben co seu trino
unha terra e outra terra
a il e as pampas berran
por un mundo diferente
ai camiña tanta xente
día e noite noite e día
ai que longa travesía
buscando o seu continente

noutras terras do alén mar
decimas tamén se cantan
os fantasmas ben espantan
coa guitarra a improvisar
colombianos a trobar
uruguayos e chilenas
i en méxico as jaraneras
cunha pequenas guitarras
as boas rimas agarran
con alegrías e penas

aos meus compas de oaxaca
varias decimas lles fixen
eles din que no se afligen
mentres toquen as jaranas
as súas terras lonxanas
están perto desta ría
doce de outubro maría
cantas cousas hoxe sinto
e con palabras eu pinto
as miserias deste día

as pintoras e os poetas
muralistas e cantoras
o solpor e mais a aurora
o neruda con violeta
i entre tantos exiliados
zitarrosa coa maleta
a vallejo recitando
e ribera vai con frida
sementando novas vidas

con víctor no seu arado
A exposición

neste centro cultural
polos días das regueifas
houbo unha exposición
imaxes da nosa terra

grandes fotos nas paredes
retratos en branco e negro
as xentes deste país
as labregas e os labregos

fermosas vacas da raia
grandes cornos e os seus ollos
preguntando ao retratista
como vai seguir o conto

acompañan as imaxes
grandes paneis con palabras
son poemas doutras voces
outras formas desta fala

os segredos dunha pedra
a muller toda de negro
e o labrego co seu sacho
é o pinto dos pementos

a lingua e a fala

o galego é unha lingua
e a lingua é unha fala
e o galego segue vivo
graciñas as súas tonadas

moitos séculos escuros
coa lingua prohibida
e resistiu esta fala

cos seus versos e cantigas
ai as cantigas de amigo
romances e ribeiranas
e os cantos de traballo
sementando a nosa fala

o galego é como un vello
esta fala é unha nena
este tempo é un xoguete
cando aprenden as pequenas
a cultura oral é grande
grande e libre como a fala
nos podemos transmitir
no podemos atrapala

o galego a nosa lingua
a fala é a nosa casa
as cores da cada casa
os acentos das palabras

O CRONISTA
(MANOLO PIPAS)